



A NENA E O GRILO máis aló

Os coñecidos personaxes que protagonizaron os espectáculos de dinamización lingüística *A nena e o grilo* (Bocaberta, 2010) e *A nena e o grilo nun barquiño* (FalaRedes, 2013) están preparados para vivir novas aventuras da man do FalaRedes 2019.

Á oitava edición do programa que a Secretaría Xeral de Política Lingüística leva a concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) súmase *A nena e o grilo máis aló*, unha proposta teatral e musical de dinamización lingüística para toda a familia que chegará no outono da man de Magín Blanco e Teatro Ghazafellos (Montse Piñón, Pepablo Patiño e Jorge Casas), con música en directo de Cristian Leggiero, a dez concellos galegos.

Nesta terceira entrega, os dous personaxes, Nena e Grilo, continuarán a súa descuberta do mundo, interior e exterior, e dos seus segredos, a través da palabra, dos afectos e da música en directo, nunha trama na que o misterio, os medos e os valores da afouteza, solidariedade e amizade adquirirán moita importancia. *A nena e o grilo* esmagallan sen querer a súa amiga Xertrude a araña e, no intento de facela rexurdir, atoparán uns artistas ambulantes que os guiarán ao país dos mortos para traela de volta. *A nena e o grilo máis aló* é unha divertida e evocadora historia que nos transportará ás buscas máis insólitas.

Poderase gozar, do 20 de outubro ao 9 de novembro, en Triacastela, Toén, Barro, Boqueixón, Abegondo, Outes, Frades, Oímbra, Boimorto e Pontecesures.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada a todas as funcións é libre e de balde ata completar a capacidade dos espazos programados. Toda a información sobre a oitava edición está dispoñible no Portal da Lingua Galega <http://www.lingua.gal/FalaRedes> e na Axenda de Cultura de Galicia.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

A NENA E O GRILO máis aló

OUTUBRO

- Domingo 20: **Triacastela**, na Sala Fonte do Lunar, ás 17:00 horas
- Sábado 26: **Toén**, na Casa da Cultura de Moreiras, ás 11:30 horas
- Sábado 26: **Barro**, na Nave da Música, ás 18:00 horas
- Domingo 27: **Boqueixón**, na Casa da Cultura de Camporrapado, ás 12:00 horas
- Domingo 27: **Abegondo**, no Salón de Mabegondo, ás 18:30 horas

NOVEMBRO

- Venres 1: **Outes**, na Casa da Cultura, ás 19:00 horas
- Sábado 2: **Frades**, na Casa da Cultura, ás 17:00 horas
- Domingo 3: **Oímbra**, no Centro Social, ás 18:00 horas
- Sábado 9: **Boimorto**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas
- Sábado 9: **Pontecesures**, no Centro Social, ás 19:00 horas

